



**REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REGISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 27/04/2016 10:08:36

SAÍDA 48231 / RX 580810



Estimado/a director/a,

Diríxome a vostede para poñer en marcha a avaliación final educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada pola Resolución do 18 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG do 26 de abril).

Para o desenvolvemento desta avaliación ademais das comisións locais establecidas no punto noveno da resolución, constituirase unha comisión de coordinación en todos os centros educativos, de acordo co punto décimo.

A proba, na que se avalían a competencia en comunicación lingüística, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, terá lugar os días 11, 12 e 13 de maio de 2016.

Para o apoio na xestión do proceso relacionado con esta avaliación, os centros contan coa plataforma informática *avaldia* que estará activa a partir do día 27 de abril para que os centros poidan comprobar e actualizar as listaxes de alumnado e descargar materiais necesarios para a aplicación da proba.

Achégase con este escrito instrucións para a aplicación e corrección das probas desta avaliación.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



Manuel Corredoira López



**Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a aplicación e corrección das probas da avaliación final de educación primaria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no curso escolar 2015/16.**

Por Resolución do 18 de abril de 2016 (DOG do 26 de abril), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dítanse instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria e da avaliación final de educación primaria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no curso escolar 2015/16.

Co fin de concretar aspectos técnicos para a realización das probas da avaliación final de educación primaria nos centros educativos que impartan ensinanzas de sexto curso de educación primaria, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións.

**Aplicación informática *avaldia***

Para o apoio na xestión da proba de avaliación, os centros contarán coa plataforma informática *avaldia*. Esta aplicación estará activa a partir do día 27 de abril de 2016.

O modo de entrar na aplicación é tecleando na barra de dirección: [www.edu.xunta.es/avaldia](http://www.edu.xunta.es/avaldia)

Os directores e directoras dos centros educativos están habilitados/as de oficio para utilizar a aplicación (perfil de “XestorCentro”) e deberán crear os perfís de usuarios da aplicación na opción de menú “Usuarios/as. Asignación de profesorado”. Cada centro habilitará o número de persoas imprescindible.

Cabe a posibilidade de que a dirección habilite unha segunda persoa do centro co seu mesmo perfil (perfil de “XestorCentro”). Neste caso, será preferentemente un membro do equipo directivo ou un membro da comisión de coordinación da avaliación.



O manual de usuario da aplicación descárgase na opción de menú “Probas. Descargas. Documentos”, nel detállanse, de xeito pormenorizado, todos os aspectos referidos á aplicación *avaldia*. Cómpre entregar unha copia deste manual a todas as persoas que teñan asignado un perfil de usuario en *avaldia*. Nesta mesma opción de menú poderán descargarse o resto dos materiais (manuais, instrucións, audios, ...). As persoas co perfil de “XestorCentro” son as únicas que poden acceder a estas descargas.

### Datos do alumnado

As persoas habilitadas en *avaldia* co perfil de “XestorCentro” deben realizar as seguintes operacións:

- Listaxe de alumnado. Na opción de menú “Probas. Mantemento alumnado” entre os días 27 e 29 de abril:
  - Centros con xade: comprobar que a listaxe de grupos e dos alumnos e alumnas de sexto de educación primaria é a correcta. Desde a administración educativa realízase unha carga previa dos grupos e das listaxes deste alumnado.
  - Centros sen xade: cargar a listaxe completa de grupos e alumnado obxecto de avaliación.
- Datos da proba. Na opción de menú “Probas. Datos académicos” entre os días 2 e 5 de maio:
  - Tipo de proba: indicar o tipo de proba (xeral ou adaptada) que realizará cada alumno e alumna en cada competencia segundo o establecido no punto sétimo da Resolución do 18 de abril de 2016.
  - Alumnado exento de Lingua galega e literatura: indicar que alumnos ou alumnas teñen concedida a exención temporal da cualificación das probas de avaliación na área de Lingua galega e literatura segundo o disposto no punto catro da Resolución do 18 de abril de 2016.



- Idioma de realización das probas das competencias non lingüísticas: indicar o alumnado cuxos pais, nais ou titores legais solicitaron realizar as probas da competencia matemática e/ou as das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía na outra lingua cooficial segundo o disposto no punto catro da Resolución do 18 de abril de 2016.
- Primeira lingua estranxeira: indicar a primeira lingua estranxeira cursada por cada alumno ou alumna.

### **Cuestionarios de contexto**

1. A dirección e o profesorado titor cubrirán os seus respectivos cuestionarios na aplicación *avaldia* na opción “Probas. Carga de datos. Cuestionarios” ata o día 31 de maio. O director ou a directora cubrirá unicamente o cuestionario na avaliación de terceiro de educación primaria.
2. O cuestionario de alumnado e familias poderase cubrir en liña ou en papel entre os días 11 e 18 de maio. Os centros enviarán ás familias o cuestionario de contexto en papel e unha carta coa clave de acceso para completar o cuestionario en liña, segundo as instrucións que se descargarán da aplicación *avaldia*.
3. O profesorado cargará ata o día 31 de maio na aplicación *avaldia* os datos dos cuestionarios cubertos en papel.

### **Material para a realización da proba**

O material da proba será distribuído aos centros educativos directamente desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos días anteriores ás datas de realización da proba. Os responsables da dita distribución poranse en contacto co centro para confirmar a entrega deste material.

Calquera incidencia relacionada coa entrega dos materiais, deberá poñerse en coñecemento da inspección educativa do centro, e achéganse tamén os seguintes teléfonos e correos electrónicos de contacto:



Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo

Teléfono: 981 546 572 / 981 540 188

Correo electrónico: [avaliacions@edu.xunta.es](mailto:avaliacions@edu.xunta.es)

O material será recibido polo director ou directora do centro ou por un membro do equipo directivo, quen deberá comprobar que na caixa está todo o material necesario para a proba, é dicir, o número de cadernos e cuestionarios de contexto:

- Caderno 1 e caderno 2 da Competencia en comunicación lingüística. Lingua castelá e literatura.
- Caderno 1 e caderno 2 da Competencia en comunicación lingüística. Lingua galega e literatura.
- Caderno 1 e caderno 2 da Competencia en comunicación lingüística. Primeira lingua estranxeira.
- Caderno da Competencia matemática.
- Caderno das Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Cuestionario do alumnado e das familias.

Os materiais das competencias non poderán ser desprecintados ata o momento de realización das probas.

O resto do material necesario será descargado ou xerado na aplicación *avaldia* polos centros educativos:

- Listaxes de alumnado e etiquetas codificadas.
- Manual de aplicación da proba.
- Cuestionario de dirección.
- Cuestionario de profesorado titor.
- Arquivos de audio para a comprensión oral (ou, se é o caso, os seus equivalentes en formato texto).
- Manual de usuario da aplicación *avaldia*.



Os arquivos de audio forman parte da avaliación da competencia en comunicación lingüística (castelán, galego e primeira lingua estranxeira), en concreto da destreza de comprensión oral. A dirección do centro deberá realizar unha das seguintes accións:

- Descargar todos os arquivos de audio da aplicación avaldia e gravalos nun dispositivo de almacenamento, e prever os medios para a súa reprodución o día da proba, garantindo unhas condicións de audición correcta.
- En caso de absoluta imposibilidade de utilizar os arquivos de audio, descargar os arquivos correspondentes á comprensión oral en formato de texto (tamén están na aplicación avaldia). Neste caso, a persoa aplicadora realizará a súa lectura, da maneira máis similar posible a como se realiza no formato de audio. De ser o caso recoméndase que a persoa aplicadora, previamente, se familiarice cos textos que debe ler.
- De darse o caso, os textos da primeira lingua estranxeira deberán ser lidos por profesorado especialista no idioma correspondente (inglés ou francés).

### **Aplicación da proba**

As probas aplicaranse entre o comezo do horario lectivo de cada centro e as 13 horas de cada día. Correspóndelle á comisión de coordinación de avaliación do centro o axuste dos horarios para adaptar a realización da proba á súa xornada escolar do mellor xeito posible.

O día da proba, a dirección do centro porá a disposición das persoas encargadas da aplicación o seguinte material: listaxe do alumnado, etiquetas dos cadernos, manual de aplicación da proba e arquivos de audio para a comprensión oral. Este material descárgase o xérase na aplicación *avaldia*.

Rematada a aplicación da proba, as persoas aplicadoras rexistrarán en avaldia a relación de alumnos e alumnas non presentados e entregarán os cadernos e a listaxe de alumnado á dirección do centro educativo.



Día	Competencia	Caderno	Tempo
11 maio	Comunicación lingüística. Lingua castelá e literatura	Caderno 1	60 minutos
	Descanso		15 minutos
	Comunicación lingüística. Lingua castelá e literatura	Caderno 2	25 minutos
	Descanso		20 minutos
	Matemática	Caderno	60 minutos
12 maio	Comunicación lingüística. Lingua galega e literatura	Caderno 1	60 minutos
	Descanso		15 minutos
	Comunicación lingüística. Lingua galega e literatura	Caderno 2	25 minutos
	Descanso		20 minutos
	Ciencia e tecnoloxía	Caderno	60 minutos
13 maio	Comunicación lingüística. Primeira lingua estranxeira	Caderno 1	60 minutos
	Descanso		15 minutos
	Comunicación lingüística. Primeira lingua estranxeira	Caderno 2	25 minutos

### Corrección da proba e gravación dos datos

A dirección do centro entregará os cadernos de alumnado e os manuais de corrección das competencias ás persoas designadas para a súa corrección. Estas persoas deberán corraxilos aplicando os criterios de corrección e rexistrar os datos na aplicación *avaldia* antes do día 31 de maio.

### Revisión dos resultados das probas

A dirección do centro rexistrará na aplicación informática *avaldia* as solicitudes de revisión dos resultados da avaliación final de educación primaria. As persoas correctoras rexistrarán na aplicación informática *avaldia* o resultado da revisión.



Calquera incidencia relativa á aplicación informática *avalidia* debe ser posta en coñecemento da Unidade de Atención a Centros (UAC), para a súa resolución, a través de:

Teléfono: 881 997 701

Fax: 881 997 788

Correo electrónico: [uac@edu.xunta.es](mailto:uac@edu.xunta.es)

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López